

ACTA DE VALORACIÓN DE TRES POSTOS DE CHOFER DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE MANZANEDA PARA OBRA OU SERVIZO DETERMINADO. CAMPAÑA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS NA CAMPAÑA 2017, A XORNADA COMPLETA, (BOP Nº 106 de 10 de Maio)

No Concello de Manzaneda, o día 6 de xuño de 2017, reúnese o tribunal de valoración, designado polo Concello de referencia, integrado, polas seguintes persoas:

Presidente: don Alberto Iglesias Nogueira, técnico asesor de Presidencia

Vogal:

Don Raúl Domarco Piñeiro, encargado cocheira Pazo Provincial.

Actúa como secretaria da mesa, dona María Lourdes Pérez Vázquez, Xefa do Negociado de Xestión Tributaria.

O obxecto da presente acta é a valoración das solicitudes presentadas ao concurso convocado polo Concello de Manzaneda para a contratación de persoal laboral de varios postos da brigada de prevención e extinción de incendios do Concello de Manzaneda.

De seguido e de conformidade co disposto na base 6ª da convocatoria, relativo ao contido do proceso de cualificación, os méritos a valorar son os seguintes:

A) Experiencia profesional:

Por servizos prestados e ata un máximo de 5,00 (cinco) puntos:

1. Experiencia laboral en categoría idéntica en concellos. Puntuarase con 0,4 puntos por mes traballado ou fracción superior a quince días.
2. Experiencia laboral en categoría idéntica en Administracións Públicas distintas os concellos. Puntuarase con 0,20 puntos por mes traballado ou fracción superior a quince días.
3. Experiencia laboral en categoría idéntica no ámbito privado. Puntuarase con 0,10 puntos por cada mes traballado ou fracción superior a quince días.
 - Xustificarse coa vida laboral e copia dos contratos correspondentes.

B) Estar en situación de desemprego.

Pola inscrición acreditada como demandante de emprego: 0,1 puntos/mes, cun máximo de 1,00 (un) punto.

Será necesario presentar informe do servizo público de emprego acreditativo da situación de desemprego e a duración da mesma.

C) Cursos de formación e perfeccionamento:

Pola participación, como asistente ou relator/a, en cursos de formación e perfeccionamento organizados ou homologados polas administracións públicas, escolas oficiais de funcionarios/as e/ou universidades, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua, relacionados coas funcións a desenvolver na categoría profesional ofertada, computándose:

- 1) De 100 ou máis horas de duración 0,25 puntos/ curso.
- 2) De entre 60 e 99 horas de duración 0,20 puntos/ curso.
- 3) De entre 30 e 59 horas de duración 0,15 puntos/ curso.
- 4) De entre 10 e 29 horas de duración 0,10 puntos/ curso.

- 1) De 10 ou máis créditos 0,25 puntos/ curso.
- 2) De entre 6 e 9 créditos 0,20 puntos/ curso.
- 3) De entre 3 e 5 créditos 0,15 puntos/ curso.
- 4) De 1 ou 2 créditos 0,10 puntos/ curso.

A puntuación máxima acumulada neste apartado non poderá superar os 3 (tres) puntos.

O mesmo curso recibido en máis dunha ocasión só computará unha vez.

En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse, dentro do prazo de presentación de instancias, mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán.

D) Coñecemento da lingua galega:

Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computándose unicamente o grao superior alegado, e concedéndose validez soamente ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüista da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- . Celga 1: 0,25 puntos.
- . Celga 2: 0,50 puntos.
- . Celga 3 ou Grao de iniciación: 0,75 puntos.
- . Celga 4 ou Grao de perfeccionamento 1,00 puntos.
- . Celga 5: 1,25 puntos.

E) Coñecemento do territorio:

Polo coñecemento acreditado do territorio: 1 punto.

Acreditarse con certificado de empadramento cunha antigüidade mínima dun ano.

Os méritos alegados neste apartado xustificaranse mediante certificado expedido polo Tribunal ou órgano de Selección que acredite a superación das probas selectivas correspondentes.

F) Por ter participado en misión de Protección Civil do Concello de Manzaneda.

Por acreditar a participación en misión de protección civil do Concello de Manzaneda ata 1 (un) punto a razón de 0,10 puntos/ servizo realizado. Este mérito acreditarase con certificado expedido polo secretario da Agrupación co visto e prace do seu Presidente.

En consecuencia de todo o anteriormente exposto, e, en aplicación do baremo de méritos disposto na convocatoria, a cualificación final, é a seguinte:


HUGO PÉREZ RODRÍGUEZ

D.N.I.: 44.464.033-L

2,2 PUNTOS.

MANUEL ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ.	D.N.I.: 76.716.936-E	1,2 PUNTOS
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ GUERRA	D.N.I.: 76.702.141-Q	8,25 PUNTOS
ALEJANDRO DIÉGUEZ LUIS	D.N.I.: 76.730.269-S	6 PUNTOS

O PRESIDENTE



O VOGAL



Co visto e prace da secretaria,

